



HISTORIA.



Existen moitos ritos de carácter máxico ou supersticioso asociados a esta celebración: saltar as fogueiras, poñer un ramo de herbas de San Xoán nas portas da casa coa finalidade de protexerse das meigas, lavarse ao amencer en mananciais ou con auga de rosas etc. A Noite de San Xoán é unha festividade cristiá, de orixe pagá. No calendario celta esta festa correspóndese coa celebración da Litha, o outro gran solsticio do ano, o de verán. Marca o inicio do verán, pero tamén o inicio das noites máis curtas.

Aínda que actualmente a Noite de San Xoán se celebra a noite do 23 ao 24 de xuño, como xa sabedes, na súa orixe estas festas dependían dun calendario lunisolar e da celebración das festas dos solsticios. A noite máis curta do ano correspóndese con aquela na que o Sol pasa máis tempo sobre o horizonte, e ten lugar no mes de xuño no hemisferio norte e en decembro no hemisferio sur. Este feito pode darse realmente entre o 20 e o 22 de xuño, pero antes de que se aplicase a corrección do calendario gregoriano, o solsticio de verán podía caer no 23, 24, ou mesmo o 25 de xuño, de aí ese lío coas datas.

O ritual co que se asocia indiscutiblemente a Noite de San Xoán son As FOGUEIRAS, que se acenden no serán do 23 de xuño. Nesta festa era tradición acender grandes fogueiras, chamadas taméncacharelas, cachadas, cachelasou lumaradas para alongar aínda máis o día máis longo do ano; a habitual era acendelas nas praias, como hoxe en día, e saltar por encima delas para logo saltar novamente ao mar, a modo de purificación. Para a elaboración das cacharelas, os días previos á celebración, os mozos e veciños van amoreando produtos de madeira nalgún lugar aberto e de paso público (prazas, encrucilladas ou, actualmente, praias) ata que, no comezo da noite, se prende lume a estes cúmulos ante a expectación de todos os veciños. Nas horas seguintes cómense sardiñas á brasa e bébese, cantando e bailando ao redor da fogueira e, cando esta está practicamente consumida, remátase saltando sobre as derradeiras lapas, mentres se realizan diversos recitados para espantar a mala sorte.

Outro dos rituais vencellado a esta conmemoración e máis repetido en todo o territorio galego son os preparados con Herbas de San Xoán. A preparación sería a seguinte:

1. Recolección das plantas (plantas, herbas, flores e follas medicinais) durante a véspera de San Xoán.
2. Unha vez recollidas, haberá que preparar a auga. En primeiro lugar hai que coller auga de sete fontes diferentes.
3. Introducir as plantas colleitadas no líquido e deixalas repousar durante toda a noite á intemperie.
4. Ao día seguinte, ao levantarse a mañá de San Xoán, o primeiro que hai que facer é lavarse a cara con esa auga, coa que conseguiremos previr enfermidades cutáneas, rexuvenecer a pel e espantar os malos agoiros ata o próximo ano.